

QuÃ© futuro para AfganistÃ¡n

DescriciÃ³n

Hamid Karzai busca a súa reelecci3n presidencial o pr3ximo 20 de agosto sen visos dunha notoria mellora no escenario afgÃ¡n e, por conseguinte, do contexto centroasiÃ¡tico. Con amplas cartas de vitoria ao seu favor, Karzai tentará consolidar, aceleradamente, a estratexia rexional de Washington, que ten a AfganistÃ¡n no seu epicentro.

O clima polÃ­tico e social do paÃ­s resulta inestable e complexo. Case a metade do seu territorio estÃ¡ azoutado pola violencia, fragmentado en diversos liderados tanto dos denominados “seÃ±ores da guerra” como dos xefes tribais de carÃ¡cter feudal e das milicias talibÃ¡n. Numerosos centros de votaci3n non abrirÃ¡n debido Ã¡ violencia persistente. As tropas da OTAN que apoian a Karzai s3 poden garantir un mÃ­nimo de gobernabilidade pouco mÃ¡is alÃ¡ da capital Cabul.

Con estas perspectivas, Karzai concentra os seus apoios polÃ­ticos en liderados e medidas legais sen absoluto carÃ¡cter democrÃ¡tico. O apoio do sanguinario “seÃ±or da guerra” Rashid Dostum, garantirÃ­a a Karzai numerosos votos entre a comunidade Ã©tnica uzbeca pero atarÃ­a os movementos futuros do presidente afgÃ¡n, suxeito ao apoio de determinados lÃ­deres sinalados dende o exterior como claros violadores dos dereitos humanos.

Pola súa banda, a recente aprobaci3n dunha inaceptable e restritiva lei contra as mulleres, destinada a favorecer as demandas dos clans tribais xiÃ­tas, sup3n para Karzai outra carta de apoio electoral con nula pretensi3n democrÃ¡tica. Curiosa e contraditoriamente, en TeherÃ¡n, o detestado por Occidente presidente AhmadÃ­neyad acaba de admitir a tres mulleres no seu goberno, un xesto aperturista e hist3rico probablemente concibido para restar presi3n interna e externa ao seu goberno.

Con isto, o bando opositor a Karzai, fragmentado nunha serie de candidaturas practicamente descoÃ±ecidas a diferenza do candidato Abdullah Abdullah, ex aliado do actual presidente, non semella capaz de vencer nuns comicios absolutamente monitoreados dende o exterior. O presidente estadounidense Obama enfila as sÃºas cartas na vitoria de Karzai, aÃ­nda que aparentemente non exista empatÃ­a entre ambos. AÃ­nda asÃ­, e dentro dun escenario polÃ­tico viciado, Karzai sup3n a opci3n mÃ¡is segura para os intereses occidentais.

Karzai poderÃ¡ facer historia ao conseguir a súa reelecci3n ante o limitado voto popular. Pero as perspectivas de alcanzar a democracia en AfganistÃ¡n semellan, cando menos, opacas e dúbidasas. A violencia, a escasa autoridade estatal en diversos territorios, o complexo mosaico Ã©tnico e tribal e a preponderancia polÃ­tica dos “seÃ±ores da guerra” e dos seus intereses condicionan o futuro do paÃ­s.

Como en Iraq, a ilusa liberdade afgÃ¡n evidencia o fracaso estrat3xico de Washington a partir de 2001, colocando ao arco xeopolÃ­tico que vai de Asia Central a Oriente Pr3ximo nunha complexa e perigosa encrucillada.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Asia ARCHIVO

IDIOMA

Galego

Fecha de creaci3n

agosto 19, 2009

Campos meta

Autoria : 3713

Datapublicacion : 2009-08-19 00:00:00